

Organizan:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO



Club Deportivo Xadrez Ourense

Programa - “*Xadrez: deporte, educación e formación*”

3 Setembro
Venres

11.15 horas

Espazo: salón de actos “Casa do Chocolate”, Xunta de Galicia en Ourense

Presentación das Xornadas

Presentación aos medios. Contaremos coa presenza do sete veces campión de España, o Gran Mestre Iván Salgado, os representantes da Secretaría Xeral para o Deporte, representantes de deportes da Xunta de Galicia en Ourense e do club deportivo organizador.

3 Setembro
Venres

12.00 horas

Espazo: salón de actos “Casa do Chocolate”, Xunta de Galicia en Ourense

Conferencia do sete veces campión de España de xadrez, Iván Salgado
“Beneficios intelectuais do xadrez en escolares e adultos: A miña experiencia”

Iván Salgado realizará unha detallada exposición dos beneficios que aporta a práctica do xadrez no desenvolvemento intelectual dos máis novos, tomando como principal referencia a súa propia experiencia: Falará sobre como mellorar o desenvolvemento intelectual dos mozos incidindo tamén nas vantaxes que supón a práctica desta disciplina no mantemento intelectual do adulto, así como o papel que xoga na prevención de enfermidades asociadas á terceira idade.

Simultaneamente, tres xadrecistas, en idade escolar, realizarán unha demostración co obxecto de animar ós asistentes a formular cuestións relacionadas co xadrez e os beneficios desta práctica nas súas traxectorias escolares.

3 Setembro
Venres

13.00 horas:

Espazo: Salón de Actos “Casa do Chocolate”, Xunta de Galicia en Ourense

Presentación do vídeo “Promoción e divulgación do deporte do xadrez nos centros de ensino”
Mostra do material técnico dixital que se distribuirá, desde a Secretaría Xeral para o Deporte, a todos os centros da provincia de Ourense, dentro do programa XOGADE

Catro técnicos ourensáns titulados elaboraron recentemente, en colaboración coa Secretaría Xeral para o Deporte, un detallado material divulgativo sobre a iniciación no deporte-ciencia do xadrez destinado aos escolares. Este material será distribuído ao alumnado de todos os centros da provincia de Ourense o vindeiro mes de outubro de 2021. Para a súa exposición nas aulas, contaremos coa colaboración dos mestres e profesores de educación física e doutras materias afíns ó xadrez.

3 Setembro
Venres

13.30 horas:

Espazo: Salón de Actos “Casa do Chocolate”, Xunta de Galicia en Ourense

Sinatura de exemplares do libro: “Aprende Xadrez desde cero, con Iván Salgado”
(libro de iniciación ao xadrez recién publicado por Iván Salgado, Elías Glez. e David Glez.)

Sinatura de exemplares e sesión de fotos co sete veces campión de España, Iván Salgado López. (Ourense, 1991).





Organizan:

Programa - “**Xadrez: deporte, educación e formación**”

<p>6 Setembro Luns</p>	<p>11:00 horas: Espazo: Club Deportivo Xadrez Ourense</p> <p>Charla / Mesa redonda para adestradores titulados “Recursos psicolóxicos e técnicos para adestramentos de xadrez”</p> <p>O psicólogo deportivo da Federación Española, Carlos Martínez e Gran Mestre Josep Oms, moderados por o Gran Mestre Iván Salgado, dirixirán unha mesa redonda para monitores e adestradores titulados da provincia de Ourense. .</p>
<p>6 Setembro Luns</p>	<p>17:00 horas: Espazo: Salón de Actos “Casa do Chocolate” da Xunta de Galicia en Ourense</p> <p>Conferencia do psicólogo deportivo Carlos Martínez (Psicólogo da selección española de Xadrez) “Os beneficios psicolóxicos do xadrez”</p> <p>O psicólogo deportivo da Federación Española, Carlos Martínez, incidirá na relación da psicoloxía deportiva coa disciplina do xadrez e abordará a súa práctica desde un enfoque lúdico e educativo, facendo fincapé en todos aqueles beneficios cognitivos, emocionais e sociais que conleva a aprendizaxe e práctica deste milenar xogo. Mostraranse xogos e dinámicas cunha abordaxe multidisciplinar, onde o xadrez se converte nunha ferramenta central para desenvolver diferentes competencias clave. Ademais, falarase sobre o papel da muller ao longo da historia do xadrez, aludindo a referentes importantes.</p>
<p>6 Setembro Luns</p>	<p>18:00 horas: Espazo : Salón de Actos “Casa do Chocolate” da Xunta de Galicia en Ourense</p> <p>Master Class con Josep Oms: “Un exemplo de como ensinar xadrez: A academia ADEJO”</p> <p>Exposición para o público asistente sobre o modelo de ensino do xadrez nun nos centros de vangarda do panorama estatal, a academia ADEJO, de Josep Oms.</p>
<p>6 Setembro Luns</p>	<p>19:30 horas: Espazo: Locais do Club Deportivo Xadrez Ourense</p> <p>Adestramento cos Grandes Mestres Iván Salgado e Josep Oms: “Adéstrate coma un grande mestre”</p> <p>Actividade de adestramento na que os G.M. Iván Salgado e Josep Oms realizarán unha actividade técnica de adestramento con oito prometedores mozos do panorama do xadrez provincial, na sede de Club Deportivo Xadrez Ourense.</p>

